

AS

O poeta e narrador esloveno **Aleš Šteger** é de Ljubljana e traballa tamén como editor e tradutor. Con libros publicados ata en vinte linguas, poemas seus teñen visto a luz en xornais e revistas internacionais coma o Boston review, The New Yorker, Die Zeit, Süddeutsche Zeitung ou TLS entre moitos outros. Dende 2012 traballa no proxecto de escrita performativa *Escrito no sitio*, realizando unha performance anual de escritura pública que neste 2021 o trouxo ata Galicia.

Para alén de escribir e de traducir dende o alemán, inglés e español, é tanto co-fundador como director de programación, por unha banda, da editorial académica Beletrina e, pola outra, do festival internacional de poesía Días de Poesía e Viño. Ademais, desempeñouse como curador literario para o proxecto vencellado á Capital Cultural Europea de Maribor 2012, e ten feito parte de iniciativas artísticas de alcance europeo, sendo unha das máis notables Versopolis, unha plataforma europea para poetas emerxentes e festivais internacionais de poesía.

Entre outros galardóns e recoñecementos, a tradución ao inglés do seu *Libro das cousas* gañou dous premios de relevo nos EUA. Recibiu así mesmo o premio internacional Bienek da Academia Bávara de Belas Artes, é membro da Academia das Artes de Berlín, da Academia Alemá da Lingua e Literatura e Francia nomeouno Cabaleiro das Artes e das Letras.

### Pedra

*Ninguén oe o que a pedra garda dentro de si.  
Diminuto é só dela, coma a dor  
atrapada entre o coiro do zapato e a planta do pé.*

*Cando te descalzas, arremuíñanse as follas nas alamedas espidas.  
O que foi, nunca máis será;  
e unha morea doutros sinais na descomposición.  
O cheiro dos dispeñsarios próximos. Mudo prosegues o teu paso.*

*O que gardas dentro de ti non o oe ninguén.  
Es o único habitante da túa pedra.  
Acabas de tirala.*


  
**29 NOV**  
20:00h  
Centro Ágora

# Poetas Di(n)versos

**Aleš  
Šteger**

Nado en 1992 en Baltar (A Pastoriza), **Jesús Castro Yáñez** gañou no 2015 o Certame Nélide Piñón de Relato Curto con *O vello e o minotauro* e o Premio de Poesía Pérez Parallé con *Os nomes e os himnos* (2016), libro que posteriormente ampliou como proxecto transmedia tanto nun instagram pensado para ser visto no móbil –con novos poemas e fotografías– como na performance *Ningún quería ser nube*, que empregaba vídeo e corpo para falar de delitos de odio contra a comunidade queer e de homofobia interiorizada. No ano 2017 publicou en inglés o libro *///\* dentro do proxecto *poetrywillbemadebyall.com* e *Ultramarino* (2017) inaugurando a colección Areal de Melide da editorial Chan da Pólvora, mesturando poesía e imaxe a través da técnica da cianotipia.

No 2021 publicouse *Campo de plumas*, unha antoloxía de poemas LGBT+ ao longo da historia que Castro Yáñez se encargou de coordinar e traducir. Ademais, textos, fotografías e vídeos deste nome crucial da poesía galega moza teñen aparecido en medios como *sèrieAlfa*, *Dorna*, *Luzes*, *Vinte...* e en obras colectivas e antoloxías, tales como *Obituario* (2015), *No seu despregar* (2016), *13. Antología de la poesía gallega próxima* (2017), *Ανθολογία Νέων Γαλικιανών Ποιητών/Antoloxía De Poesía Galega Nova* (2019) ou *Árboles frutales* (2021).



*(Reunímonos porque chove.  
Tamén niso consiste a chuvia.)*

*En agardar, mentres secamos un na compañía do outro,  
e saber que o que somos é roupa tendida á calor  
do que fomos.)*

*Abril no seu sitio,  
bordados de ouro.*

*Recordo o teu chufasqueiro amarelo  
dunha cor que non sabe xa non ser, e*

*cando recordo  
podo bailar  
sen me mover.*



**29 NOV**  
20:00h  
Centro Ágora

# Poetas Di(n)versos



**Jesús  
Castro Yáñez**

